



COMUNICADO SOBRE A DEFENSA DA LIBERDADE DE EXPRESIÓN

Na súa sesión plenaria do 14 de Febreiro este órgano aprobou o seguinte comunicado:

Esta Xunta de persoal quere amosar a súa preocupación e condena polo crecente deterioro dos dereitos fundamentais e criminalización das opinións, manifestacións ou accións políticas: encarceramento de twitteros/as, músicos, titiriteiros, representantes públicos... todo con dubidas máis que razoables sobre os fundamentos do dereito aplicado. Son moitas as condenas e críticas desde diferentes organismos e organizacións tanto de dentro como de fóra do Estado español a esta deriva de perda das calidades democráticas.

Como órgano de representación de persoal público e coa mobilización e a protesta na súa base e a integración das liberdades fundamentais como a sindical no seu ADN, preocúpanos a deriva actual cara tempos pasados, onde as tensións sociais se resolven pola vía do código penal, un dos máis estritos de toda Europa. Non podemos ficar en silencio.

Na defensa dos dereitos das traballadoras e traballadores públicos, dos servizos públicos: liberdade de expresión, opinión e mobilización. Todo o noso apoio ás persoas que sufren a represión do estado polo libre exercicio dos seus dereitos máis elementais. Non á criminalización da protesta, das accións sociais ou políticas. Fronte ao odio, unidade da clase traballadora.



Santiago de Compostela, 15 de Febreiro de 2018
O Presidente da Xunta de Persoal,

Asdo.: Antonio Fernández Domínguez.